

Vista a Resolución Reitoral de 19 de febreiro de 2018, pola que se establece o procedemento para a validación parcial de estudos universitarios estranxeiros e a admisión en estudos de grao na Universidade de Vigo e

Rematado o proceso de selección para o curso 2022/23, de acordo cos criterios de acceso e admisión ao Grao en Fisioterapia por recoñecemento dun mínimo de 30 créditos por estudos universitarios estranxeiros, e á vista do informe da Comisión de Organización Académica e de Validacións, reunida con data 12-05-2022, **este decanato RESOLVE:**

1. Facer pública a **listaxe definitiva de persoas admitidas** para formalizar a súa matrícula.

APELIDOS	NOME
Oliveira Sousa	Daniella

2. Facer pública a **lista de agarda:**

APELIDOS	NOME
Chávez Alata	Ynés Zuleika
De Pablo Carlés	Ignacio

3. Convocar á persoa admitida do **26 de agosto ao 12 de setembro de 2022** para a formalización da súa matrícula nas dependencias administrativas da Escola de Enxeñaría Forestal do Campus de Pontevedra. Transcorrido o mencionado prazo sen que se efectúe a matrícula decaerá no seu dereito e arquivarase o expediente sen máis trámite.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpor recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, que se fai no taboleiro de anuncios e na páxina web da Facultade de Fisioterapia de Pontevedra, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Pontevedra, 20 de maio de 2022

O REITOR

Por delegación (R.R. de 26 de maio de 2020)

A DECANA

Documento asinado dixitalmente por Eva M^a Lantarón Caeiro

